



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica		Código	652G02040
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Magdalena Vidal, Maria Victoria	Correo electrónico	victoria.magdalena@udc.es	
Profesorado	Magdalena Vidal, Maria Victoria	Correo electrónico	victoria.magdalena@udc.es	
Web	https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/F57DK			
Descrición xeral	A materia está orientada ao traballo experimental, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender a realidade histórica e xeográfica de Galiza no seu conxunto, así como a realidade histórica e xeográfica local en particular, entendendo esta como un recurso didáctico e fonte de traballo versátil no que atinxe ao ensino-aprendizaxe do tempo pasado e da mutación do espazo. Preténdese que o alumnado coñeza a historia e o territorio galego, deseñando unha dinámica didáctica a partir desta dupla realidade. Ensáíase, de maneira experimental, a metodoloxía de traballo por proxectos. Así, a materia defínea a propia dinámica do curso e os centros de interese do alumnado, polo que se trata dun programa flexíbel e aberto, aínda que cunha proposta básica de temas a abordar. O núcleo da materia está formado pola propia metodoloxía experimental, na que se fomenta a participación activa, a creatividade e a autonomía do alumnado. Realizaranse lecturas e debates na aula, así como obradoiros e actividades interdisciplinares; actividades complementadas, na medida do posíbel, de saídas ou roteiros culturais pola cidade.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A4	Identificar dificultades de aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento.
A5	Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseado na aprendizaxe de competencias.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A16	Deseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe na aula.
A17	Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.
A31	Comprender os principios básicos das ciencias sociais.
A32	Coñecer o currículo escolar das ciencias sociais.
A33	Integrar o estudo histórico e xeográfico desde unha orientación instrutiva e cultural.
A34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
A35	Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.
A36	Coñecer o feito relixioso ao longo da historia e a súa relación coa cultura.
A37	Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.



B13	Lectura e interpretación de imaxes.
B14	Capacidade para traballar en equipo de forma cooperativa, para organizar e planificar o traballo, tomando decisións e resolvendo problemas, tanto de forma conxunta como individual.
B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Recoñecer no entorno xeográfico, histórico e cultural galego aqueles recursos metodolóxicos e didácticos mais axeitados para traballar a área do entorno social e cultural galego.		B1	
		B3	
		B13	
		B15	
		B21	
		B23	
Deseñar propostas didácticas sobre o contorno galego dende as perspectivas xeográfica, histórica e/ou cultural, de maneira interrelacionada.	A4	B4	C1
	A5	B5	C8
	A16	B8	
	A17	B9	
	A32	B14	
	A37	B22	
Coñecer e comprender algúns temas e momentos principais da evolución histórica de Galicia e a súa relación coa didáctica na Educación Primaria.	A31		
	A32		
	A33		
	A34		
Coñecer e analizar os contidos referidos ao coñecemento do contorno do currículo de Educación Primaria: a realidade xeográfica, histórica, social e cultural de Galicia como un espazo dinámico.	A32	B25	
	A33		
	A36		
Fomentar actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A14	B6	C4
	A34		C7
	A35		



Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1: Introducción. O medio histórico e xeográfico nas Ciencias Sociais: campo de coñecemento e formulación interdisciplinar.	- Fundamentos da materia: Que obxectivos nos marcamos? Cales son os centros de interese?. - A interdisciplinidade e o traballo por proxectos na didáctica do medio xeográfico e histórico de Galiza nas estratexias metodolóxicas e recursos didácticos das Ciencias Sociais. Coñecemento, deseño e avaliación de proxectos innovadores na didáctica das ciencias sociais aplicados ao medio cultural galego. - A avaliación dos coñecementos sociais, obxectivos e medios. As finalidades educativas das ciencias sociais: formación do pensamento social, educación democrática e aprendizaxe de actitudes e valores nunha sociedade multicultural. - O medio cultural e o curriculum escolar da área de Ciencias Sociais da Xunta de Galicia.
Unidade 2. A Xeografía física e humana de Galiza e as paisaxes naturais.	- O patrimonio xeográfico de Galiza na área do coñecemento do medio social e cultural. - Ensino e aprendizaxe da xeografía, a construción do concepto de espazo xeográfico. - O clima, o relevo, acción humana no medio, etc. - Que é a paisaxe? - Recursos didácticos para traballar a xeografía de Galiza.
Unidade 3. Vivir en sociedade. Paisaxes históricas e culturais.	- O patrimonio histórico de Galiza na área do coñecemento do medio social e cultural. - Identidade e diversidade cultural. - Historia versus memoria histórica. - Iniciación á recollida de información sobre a paisaxe histórica a partir de imaxes, restos e reconstrucións arqueolóxicas, obras de arte e textos escritos. - Observación e análise da contorna social. - As fontes de información e documentación da contorna. - Mitos e lendas versus Historia.
Unidade 4. Evolución histórica de Galiza: desde a Prehistoria até a Contemporaneidade e o mundo da Globalización (e os vinculados con outras sociedades desde a Antigüidade).	- Construindo a Prehistoria e Historia de Galiza a través de períodos e temáticas seleccionadas para o ensino aprendizaxe da historia, a construción do concepto de tempo histórico e outros conceptos sociais. - Biografías senlleiras como medio de comprensión da evolución histórica. - A arte e outras manifestacións da comunicación e da creatividade. As manifestacións artísticas e culturais e o seu significado social. - As manifestacións culturais tradicionais traballadas dende o patrimonio material e inmaterial. - Vinculos entre a sociedade galega e outras sociedades desde a Antigüidade. - A Galiza da Globalización.
Unidade 5. Espazos singulares de Galiza: Evolución no tempo e mutación do espazo.	- Explicación e comprensión de espazos de especial singularidade. - Coñecer e aprender a ensinar espazos singulares.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A4 B1	2	3	5



Aprendizaxe colaborativa	A14 B5 B8 B9 B14 B15 B24 B25 C1 C8	6	20	26
Eventos científicos e/ou divulgativos	A17 B6	1	5	6
Saídas de campo	A33 A34 A35 A37 B1 B4 C4 C7	5	36	41
Proba obxectiva	A31 A32 B3 B13	1.5	8	9.5
Sesión maxistral	A5 A16 A31 A32 A33 A36 B21 B22 B23	16	7	23
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Periodica e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xordan da dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Realizarase algunha actividade tipo encontro, conferencia, charla, pequeno curso nas que o alumnado terá a oportunidade de actualizar os seus coñecementos e coñecer experiencias relacionadas co ámbito da materia.
Saídas de campo	Estas actividades permiten desenvolver as capacidades relacionadas coa observación directa cara á recollida de información do medio xeográfico e histórico galego para a percepción do seu potencial educativo e formador. Son saídas concibidas para o coñecemento do medio cultural no seu máis amplo ámbito, por medio da aprendizaxe directa. As saídas poderán ser a contornos naturais de interese xeográfico, exposicións, museos, xacementos e centros do patrimonio, e teranse en conta as posibilidades e oportunidade para a súa realización.
Proba obxectiva	Ao ser unha materia de marcado carácter experimental, didáctico e de traballo colaborativo, realizarase un exercicio simple para que cada alumna/o responda de maneira individual a cuestións traballadas.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema, cunha orientación didáctica principalmente. Realizarase co apoio de documentación específica e terá especial incidencia na metodoloxía e na práctica para a didáctica do medio histórico e xeográfico.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	O traballo colaborativo e os obradoiros terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas. Ademais, o alumnado que se acolla á dispensa académica terá o dereito e a obrigatoriedade dun mínimo de 3 titorías para facer un seguimento dos traballos de curso que vaia elaborando.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A14 B5 B8 B9 B14 B15 B24 B25 C1 C8	Ao longo do curso realizaranse actividades e traballos que serán avaliados como grupo e individualmente.	40
Proba obxectiva	A31 A32 B3 B13	Ao ser unha materia flexible que se vai construíndo segundo os centros de interese do alumnado guiado pola profesora, e de marcado carácter experimental, esta proba é un exercicio simple a modo de resumo individual do traballado durante o curso.	20
Saídas de campo	A33 A34 A35 A37 B1 B4 C4 C7	A asistencia será obrigatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	40
Outros			



Observacións avaliación

Na

avaliación terase en conta a asistencia e a participación activa, tanto nas sesións expositivas como interactivas. Valoraranse os coñecementos adquiridos, a comprensión e capacidade de síntese, a claridade expositiva oral e escrita e a participación e cumprimento nas tarefas que se encomenden tanto individuais como en grupo. A saída ao medio será obrigatoria.

Para

superar a materia os/as alumnos/as deberán superar cada unha das partes da avaliación, sendo necesario asistir ao 80% das clases.

Terán

carácter de NON PRESENTADO aqueles/as alumno/as que non se presenten a algún dos apartados da avaliación.

Evaluación de la segunda oportunidad : se guardan as actividades aprobadas en sesións interactivas en Saida o Medio.

O

alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención

de asistencia deberá realizar un traballo de curso individual e unha proba obxectiva, sendo calificada esta última cun 40% e o traballo de curso cun 60%.

Nos

traballos a realizar, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade incurrir en copia do traballo de terceiros. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. Igualmente, será imprescindible a corrección lingüística á hora de dar por superados os devanditos traballos.

Todos los aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación al estudio", "permanencia" y "fraude académica" se regirán de acuerdo con la normativa académica vigente de la UDC."

Fontes de información



Bibliografía básica	- AA.VV. ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules Editorial. - AA.VV. ((1999)). Atlas histórico de Galicia.. Vigo: Nigra Trea - Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra - Armas Castro, X. coord. ((2002)). Ensinar Historia de Galicia.. Santiago: ICE - Andrade Cernadas, J.M. ((1995)). Didáctica de la Hª de Galicia. Tosoxoutos - Carballo, X. ((2007)). Arqueoloxía de Galicia. Itinerarios polo pasado.. Vigo: Nigra Trea - Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea - Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata - Diéguez Cequiel, U.-B. (2019). "A Ribeira Sacra luguesa desde a didáctica das ciencias sociais. Ensino e aprendizaxe do tempo e o espazo desde unha paisaxe singular" en Macía Arce, C., La reconfiguración del medio rural e. Santiago de Compostela: Andavira - Egan, K. ((1991)). La comprensión de la realidad en la educación infantil y primaria.. Madrid: Morata - Egan, K. (2010). Learning in depth.. Chicago: The University of Chicago Press - Mariño, X.R. & González, X.M. ((2010)). Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza.. Vigo: NigraTrea. - Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea - Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia.. Lundwerg - Pazo Labrador, A. X. ((2007)). Nocións básicas de xeografía xeral física para mestres: as consecuencias xeográficas dos procesos naturais.. Vigo: Universidade - Rodríguez Troncoso, M. ((2005)). Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume.. Vigo: Ir Indo - Piñeira Mantiñán, M.J, e Santos Solla, X.M. (2011). Xeografía de Galicia.. Vigo: Xerais - Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia.. Vigo: Galaxia - Villares, R., Armas, J., et al ((1990)). Historia de Galicia. Textos y materiales para su historia.. Barcelona: Crítica Segundo avance o curso e traballando dende os centros de interese e realizando saídas e outras actividades, iran se proporcionando outras fontes de información, ademais das bibliográficas que se irán incrementando.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

 Trátase dunha materia que se realizará principalmente cunha metodoloxía activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iran se concretando temáticas e actividades a realizar. Así, é necesaria a asistencia e participación activa tanto nas sesións maxistras como nas sesións interactivas e en todas as actividades desenvolvidas no contexto da materia. -Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)-Traballase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías